

Resolución da convocatoria de subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.3 (cooperación no ámbito de Leader) da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2018 e 2019, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (MR 710A).

1

Mediante o Acordo do Consello de Dirección da Agader do 30 de xullo de 2018 aprobáronse as bases reguladoras das axudas para a preparación e realización de proxectos de cooperación entre grupos de desenvolvemento rural, ao abeiro da medida Leader (submedida 19.3), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (DOG nº 153, do 10 de agosto de 2018) e, mediante a Resolución do 24 de setembro de 2018 do director xeral da Agader, convocáronse, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.3 (cooperación no ámbito de Leader), da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2018 e 2019, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (DOG nº 193, do 9 de outubro de 2018).

Mediante Resolución do 31 de maio de 2021 (DOG nº 107, do 8 de febreiro de 2021), amplíase a dotación orzamentaria da Resolución do 24 de setembro de 2018 pola que se convocan subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.3 (cooperación no ámbito de Leader), da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2018 e 2019, na que se prevé a execución da convocatoria con cargo ás anualidades 2021 e 2022.

A raíz do disposto nos parágrafos anteriores, para o financiamento desta convocatoria, para o ano 2021 está consignado un crédito de 247.814,00 €. Para o ano 2022 está consignado un crédito doutros 247.814,00 €. As aplicacións orzamentarias son as seguintes:



Aplicacións- proxectos para a anualidade 2021:

Acción (submedida)	Aplicación Agader	Proxecto Agader	Presuposto GPT	Presuposto FEADER
01/19/30	14.01.712A.7810	2017-00001	247.814,00	185.860,50
TOTAL				

2

Aplicacións- proxectos para a anualidade 2022 :

Acción (submedida)	Aplicación Agader	Proxecto Agader	Presuposto GPT	Presuposto i FEADER
01/19/30	14.01.712A.7810	2017-00001	247.814,00	185.860,50
TOTAL				

Nos termos previstos no Acordo do Consello de Dirección da Agader do 30 de xullo de 2018, polo que se aprobaron as bases reguladoras das axudas para a preparación e realización de proxectos de cooperación entre grupos de desenvolvemento rural, ao abeiro da medida Leader (submedida 19.3), o procedemento de concesión de axuda tramitarase en réxime de concorrencia competitiva; isto supón a comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que tivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Conforme o artigo 21.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o órgano instrutor comprobará a corrección documental das solicitudes, cantos datos relativos á actuación subvencionable considere convenientes e o cumprimento das condicións do solicitante para ser beneficiario da subvención.

En particular, cómpre sinalar que a competencia para a proposta de resolución recae na Subdirección de Relacións cos GDRs, en función do establecido nos artigos 22.1 e 25.1 das bases reguladoras. Neste senso, en liña co disposto no artigo 22 das bases reguladoras, o órgano instrutor verificou:

- a) A admisibilidade do beneficiario.
- b) Os criterios de admisibilidade da acción proposta.



- c) A localización do investimento en territorio elixible.
- d) A xustificación da viabilidade técnica e financeira.
- e) A elixibilidade dos investimentos propostos.
- f) Os compromisos e as obrigas que debe cumprir a operación para a cal se solicita a axuda.
- g) O cumprimento dos criterios de selección.

3

Por outra parte, o artigo 23 das Bases reguladoras establece os criterios para avaliar os proxectos para os que se solicite axuda, así como as normas previstas para establecer as prioridades nos supostos de empate a puntuación entre os proxectos. Establécese tamén a puntuación mínima para que un proxecto poida ser seleccionado, que é de 30 puntos.

O artigo 26.4 das bases reguladoras das citadas subvencións establece que as subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras publicaranse no DOG, así como no taboleiro de anuncios da sede da Agader (A Barcia, nº 56, Laraño, 15897 Santiago de Compostela), nas webs dos GDR e na web da Agader <http://agader.xunta.es>.

Ademais, a resolución notificarase individualmente a cada interesado só por medios electrónicos, nos termos previstos no artigo 17.6 das bases reguladoras, así como na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Tendo en conta que:

- Que a competencia para resolver sobre a concesión das axudas correspóndelle a persoa titular da Dirección Xeral de Agader por delegación do Consello de Dirección de Agader do 11 de xullo de 2013 segundo o acordo publicado pola Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5 de agosto).
- Existe dispoñibilidade financeira para as axudas que se propoñen.
- Existe coherencia coas propostas das resolucións individuais, emitidas polo subdirector de Relacións cos GDR.
- Existe coherencia coa proposta de resolución do subdirector de Relacións cos GDR.

RESOLVO:

- 1) Establecer a listaxe de proxectos presentados, xunto cun resumo explicativo da puntuación de cada proxecto (ANEXO I).
- 2) Establecer a listaxe de proxectos para os que se propón a subvención, con indicación do importe orzamentado e da axuda por proxecto. Todos contan con



verificación do informe control de elixibilidade (ICE) por cumprir todos os requisitos de elixibilidade que indican as bases reguladoras e todos eles, unha vez baremados, teñen unha puntuación superior ou igual a 30 puntos (ANEXO II).

- 3) Establecer a listaxe de proxectos para os que se propón resolución de desistencia (ANEXO III).

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interperse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso- administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interponerse calquera outro recurso que se estime oportuno.

4

Santiago de Compostela

O Consello de Dirección de Agader

(P.D.: Acordo do 11/07/2013)

A directora xeral da Agader

(Asinado electronicamente)

Inés Santé Riveira



ANEXO I: PROXECTOS PRESENTADOS E RESUMO EXPLICATIVO DA PUNTUACIÓN DE CADA PROXECTO:

GDR COORDINADOR: 23 MARIÑAS BETANZOS

“ALIMENTOS DA BIOSFERA” 65 puntos

Impulso das marcas propias e da marca Nacional nas Reservas da Biosfera españolas para producións alimentarias, como estratexia para a mellora da calidade destas producións, contribuíndo á mitigación do cambio climático mediante o fomento do consumo en circuitos curtos locais.

a) Valor engadido: 10 puntos

O GDR coordinador xa ven traballando no aproveitamento da marca territorial Reserva da Biosfera para promocionar os recursos agroalimentarios do seu territorio, vinculando as producións agroalimentarias ás reservas da Biosfera e dándolles visibilidade. A marca Reserva de Biosfera aporta valor engadido as producións agrarias.

b) Resultados concretos a curto, medio e longo prazo: 15 puntos

Define condicións de funcionamento da marca en cada Reserva da Biosfera. Mellora a calidade e a imaxe dos produtos amparados pola marca en cada RB. Establecemento de canles cortos de distribución.

c) Creación de estruturas permanentes de cooperación: 15 puntos

Crea unha rede de traballo entre GDRs e Reservas da Biosfera coas empresas adheridas a marca Reservas de Biosfera Españolas.

d) Incidencia na creación de emprego ou no mantemento do tecido produtivo: 0 puntos

Non hai constancia no Plan de traballo da creación de UTAs.

e) Incidencia na conservación e valorización do ambiente e/ou do patrimonio natural e cultural: 5 puntos

O proxecto vai incidir dunha maneira indirecta na conservación e valorización do ambiente e/ou patrimonio natural e/ou cultural mediante a realización de diagnósticos e Manual de estilo en cada un dos territorios. Reserva da Biosfera.

f) Implicación de entidades privadas distintas dos GDR que contribúan ao financiamento do proxecto: 20 puntos

Hai entidades privadas que contribúen ao financiamento do custo do proxecto nunha porcentaxe igual ou superior ao 20% do custo dos gastos subvencionables. Aportación de entidades privadas (Fundación Juana de Vega, Euroeume, RB Ordesa_Viñamala, RB Omaña-Luna) por un importe total de 11.000€, que sobre 63.860€ de orzamento total,



supón un 17,23%. Ademais, hai unha aportación do Concello de Allariz de 2.000€, e outra da Universidade de Vigo, en cursos, por valor de 3.000€.

OBSERVACIÓNS: Aproveita sinerxías coa marca Reserva da Biosfera e a súa proxección para crear unha marca e promocionar os produtos agroalimentarios dos territorios. Ten alto financiamento privado. O proxecto conta coa experiencia doutros territorios Reserva Biosfera.

6

GDR COORDINADOR: 14 GALICIA SUROESTE EU RURAL

“EUROCHEF” 65 puntos

O proxecto lanza unha marca e rede alimentaria transnacional que vincule produtos locais, territorios e calidade. Pon en marcha dunha plataforma de promoción e e-commerce de produtos locais e de información do patrimonio local. Crea espazos de networking para dar resposta a necesidade de mellorar o coñecemento mutuo entre as empresas de restauración e os seus profesionais, o comercio polo miúdo e o maior, distribuidores e axentes de turismo.

a) Valor engadido: 20 puntos

O proxecto crea unha rede transnacional baseada nunha marca territorial ligada a gastronomía, restauración e á calidade dos produtos locais. Lanza unha marca e plataforma de e-commerce de carácter transnacional, e porá en contacto as empresas locais dos territorios participantes.

b) Resultados concretos a curto, medio e longo prazo: 15 puntos

O proxecto vai implementar unha marca alimentaria transnacional e unha plataforma de e-commerce para comercializar e promocionar produtos locais dos territorios participantes, así como doutros que queiran sumarse posteriormente. Os resultados concretos son: 1 marca de calidade alimentaria, 1 plataforma de promoción e e-commerce, 3 show cooking locais, 5 eventos transnacionais con show cooking, 4 asistencia a feiras, 1 vídeo, creación de 1 estrutura permanente. Difusión: tríptico, cartel, roll-up, roldas de prensa.

c) Creación de estruturas permanentes de cooperación: 15 puntos

O proxecto crea una estrutura nova, con vocación de estabilidade e permanencia en materia de cooperación. A acción común 8 prevé o deseño dun Plan de sustentabilidade e ampliación para a Rede Eurochef. Despois da finalización do proxecto, prevese a articulación co programa Xeodestino da Xunta.

d) Incidencia na creación de emprego ou no mantemento do tecido produtivo: 0 puntos

Non consta no anexo 11 Plan de traballo o compromiso de creación de UTAs.



- e) Incidencia na conservación e valorización do patrimonio natural e cultural: 5 puntos

O proxecto vai incidir dunha maneira indirecta na conservación e valorización do patrimonio cultural mediante publicacións e distinto merchandising: Manual de xestión da marca, identificación de recursos locais para a web e merchandising.

- f) Implicación de entidades privadas distintas dos GDR que contribúan ao financiamento do proxecto: 10 puntos

Segundo o anexo II, hai 14 entidades privadas que aportarán financiamento. O total de aportación de privados -incluídos concellos- é de 17.870€, que supón unha porcentaxe do 15,15% sobre o total do proxecto.

OBSERVACIÓNS: Un dos puntos fortes deste proxecto é que no programa de traballo se prevé unha alta participación do sector. No anexo III Documento vinculante, consta que 14 entidades públicas e privadas se adhíren ao proxecto. Así mesmo, conta con cartas de apoio da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, concellos, asociacións de empresarios locais e cooperativas.

GDR COORDINADOR: 18 DELOA

“XESTIÓN DA SOSTENIBILIDADE EN EVENTOS CULTURAIIS AO VIVO” 65 puntos

A actividade cultural con espectáculos en vivo reviste una importancia decisiva nos espazos rurais, ao constituír unha fonte de xeración de empregos directos e indirectos. Os eventos en directo constitúen unha parte esencial da cultura nos espazos rurais. Pero este tipo de eventos presentan una serie de carencias, con grandes impactos negativos sobre o medio ambiente, la cultura, las comunidades y la economía local. O proxecto de cooperación pretende apoiarse na gobernanza para implementar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (Axenda 2030) en eventos culturais con espectáculos en vivo.

- a) Valor engadido: 20 puntos

Puntúase con 20 puntos por non existir iniciativas similares na zona actuación. Innovación na xestión e produción sostible dun produto: os eventos culturais. 1) Innovación de produto: Eventos culturais que ofrecen un servizo novo, en cuanto incorporen medidas sostibles, en base a ferramenta deseñada no proxecto de cooperación. E, 2) Innovación de proceso ou de organización: O proxecto permitirá cambios nas prácticas e procedementos dos eventos, e a aplicación de decisións estratéxicas co propósito de mellorar os resultados. A actualización na xestión do coñecemento sobre actividades sustentables aplicables a este tipo de organizacións, entra neste tipo de innovación.

- b) Resultados concretos a curto, medio e longo prazo: 15 puntos



Puntúase con 15 puntos debido a que, como consecuencia do proxecto, se produce a implantación dun sistema de xestión sostible de eventos culturais ao vivo a través do deseño dunha ferramenta específica. Implementación dos obxectivos de sustentabilidade medioambiental e económico nos eventos culturais ao vivo, con resultados concretos.

c) Creación de estruturas permanentes de cooperación: 15 puntos

A acción común nº 8 consiste na creación dunha estrutura permanente, con vocación de continuidade e carácter indefinido desde a finalización do proxecto de cooperación (pax. 44 Anexo II).

d) Incidencia na creación de emprego ou mantemento do tecido produtivo: 0 puntos

Segundo o Plan de traballo, non está prevista a creación de UTAs durante a execución do proxecto.

e) Incidencia na conservación e valorización do medioambiente e do patrimonio natural e cultural: 5 puntos

As industrias culturais son un instrumento para promocionar a identidade rural. O proxecto vai incidir dunha maneira indirecta na conservación e valorización do patrimonio cultural mediante a realización de: Diagnósticos nos territorios, deseño dunha estratexia e folia de ruta e sistema de xestión específico.

f) Implicación de entidades privadas distintas dos GDR que contribúan ao financiamento do proxecto: 10 puntos

Hai entidades privadas que contribúen ao financiamento do custo do proxecto nunha porcentaxe igual ou superior ao 10% e inferior ao 20% do custo dos gastos subvencionables. Convenio Kutxabank-Deloa: aporta 3.000€. A Fundación Paideia aportará 5.118,40€. Entre ambas, aportan o 10% do proxecto sobre un importe subvencionable total de 81.184€

OBSERVACIÓNS: O proxecto é innovador, correctamente construído e conta cun desenvolvemento e metodoloxía ben razoados. Presenta unha árbore de obxectivos e accións coherente. A estrutura permanente que se quere construír consta no plan de traballo. Presenta un sistema de comunicación interna, de seguimento e avaliación correctos. Establece un cadro de indicadores de realización e seguimento cuantificado. Plan de comunicación. Suma ao proxecto actores locais e sectoriais, que aportan financiación e traballo.

GDR COORDINADOR: 10 A LIMIA-ARNOIA

“SON DE MONTE” 60 puntos



Son De monte pretende asentar os piares da REDE de Centros de Información e promoción da Cultura do Monte (5 centros piloto con carácter demostrativo), aproveitando as estruturas dos GDR (entidades sen ánimo de lucro, con equipos técnicos, asentadas nos territorios, que agrupan ás entidades sociais, comunidades de montes, agrarias, ecoloxistas, institucionais, con máis de 10 anos de experiencia en cada un dos territorios,...) para pór en marcha os Centros de Información e promoción da Cultura do Monte e crear a posterior rede “De Monte” que os agrupe.

9

a) Valor engadido: 20 puntos

Puntúase con 20 puntos por non existir iniciativas similares na zona actuación.

b) Resultados concretos a curto, medio e longo prazo: 15 puntos

Como consecuencia do proxecto, se produce a implantación dun servizo que non existía para a economía e poboación da zona, mediante a creación de: 5 centros piloto, 5 manuais de procedemento e 1 rede.

c) Creación de estruturas permanentes de cooperación: 15 puntos

O proxecto crea una estrutura nova, con vocación de estabilidade e permanencia en materia de cooperación e, ademais, se constata que vai haber actuacións concretas e periódicas no tempo, incluso una vez finalizado o proxecto de cooperación. Hai accións concretas no plan de traballo para constituír a rede, así como o compromiso dos socios colaboradores de sumarse a ela.

d) Incidencia na creación de emprego ou no mantemento do tecido produtivo: 0 puntos

Non consta no anexo II.

e) Incidencia na conservación e valorización do ambiente e/ou do patrimonio natural: 5 puntos

O proxecto vai incidir na conservación e valorización do ambiente e/ou patrimonio natural. O proxecto vai realizar un Manual de procedemento en materia de rexeneración despois de incendios.

f) Implicación de entidades privadas distintas dos GDR que contribúan ao financiamento do proxecto: 5 puntos

Total proxecto 80.000€, Agader aportaría 72.000€, os GDR 2.000€ (400€ cada uno), e catro entidades colaboradoras achegan en conxunto 6.000,00 € ao proxecto (7,5% do total). Hai cartas de compromiso (anexo II, apartado 4)

OBSERVACIÓNS: Un dos puntos fortes deste proxecto é que no programa de traballo se prevé a participación do sector: propietarios de monte, industria da 1ª e 2ª transformación, entidades públicas como universidades, etc. Ademais, conta con varios socios colaboradores do sector, como a Organización galega de comunidades de



montes, Asociación galega de tracción animal e a Asociación portuguesa de tracción animal.

GDR COORDINADOR: 6 RIBEIRA SACRA COUREL

“MUSEOS VIVOS” 60 puntos

O proxecto aporta una solución tecnolóxica para manter abertos os museos e centros de interpretación do medio rural. Trátase dunha “Plataforma web de apertura seguimento e control de visitas”...a innovación estriba no acceso remoto para os visitantes. Esta plataforma web, mediante o seu software, facilitará aos visitantes as claves dos centros e/ou museos para que podan introducilas e acceder ao interior dos mesmos.

a) Valor engadido: 20 puntos

Puntúase con 20 puntos por non existir iniciativas similares na zona actuación. É unha ferramenta innovadora en canto a tecnoloxía a empregar para facilitar o acceso dos visitantes aos museos.

b) Resultados concretos a curto, medio e longo prazo: 15 puntos

O proxecto pon en marcha a implantación dun servizo que non existía para a poboación, tanto da zona como de fóra e que contribúe a resolver a problemática de accesibilidade a recursos museísticos no medio rural. Co proxecto se crea: 1) a implantación de solucións tecnolóxicas para a posta en marcha da plataforma web de apertura, seguimento e control, así como sistema de acceso a Internet, cámaras de vídeo seguimento e sistema de apertura intelixente de cada centro; 2) promoción e divulgación: contidos da web sobre os territorios participantes, dvds/spots e asistencia a feiras de turismo e outros eventos promocionais.

c) Creación de estruturas permanentes de cooperación: 15 puntos

O proxecto crea una estrutura nova, con vocación de estabilidade e permanencia en materia de cooperación e, ademais, se constata que van existir actuacións concretas e periódicas no tempo, incluso una vez finalizado o proxecto de cooperación. Hai accións concretas no plan de traballo para constituír a rede, así como o compromiso dos socios colaboradores de sumarse a ela.

d) Incidencia na creación de emprego ou mantemento do tecido produtivo: 0 puntos

Non consta no anexo II a creación de emprego.

e) Incidencia na conservación e valorización do ambiente e/ou do patrimonio natural e cultural: 10 puntos

O proxecto vai incidir mediante investimentos físicos na conservación do patrimonio cultural, e por isto se lle da a máxima puntuación. O investimento é a plataforma de



apertura, seguimento e control, xunto co toda a infraestrutura do sistema de apertura dos centros.

- f) Implicación de entidades privadas distintas dos GDR que contribúan ao financiamento do proxecto: 0 puntos

Non existen entidades privadas que contribúen ao financiamento do custo do proxecto.

11

GDR COORDINADOR: 24 SEITURA

“INCORPORANDO ILUSIÓNS” 52 puntos

O proxecto tratará de que a xuventude interesada coñeza mellor as oportunidades que hai nos ámbitos rurais para desenvolver o seu proxecto profesional e persoal. A través de diferentes actividades fomentárase o emprendemento e a mellora da empregabilidade no ámbito rural: plataforma web de oferta e demanda de emprego e oportunidades, formación e promoción. O obxectivo a acadar é mellorar a permanencia e/ou retorno do talento da xuventude en territorios rurais.

- a) Valor engadido: 20 puntos

Do contido da memoria do proxecto presentada polo GDR coordinador conséntase que non hai iniciativas similares na zona.

- b) Resultados concretos a curto, medio e longo prazo: 15 puntos

Como consecuencia do proxecto, se produce a implantación dun servizo consistente nunha plataforma que pon en contacto á oferta e demanda no mercado de traballo agrario.

- c) Creación de estruturas permanentes de cooperación: 0 puntos

Non consta a creación dunha estrutura de cooperación permanente máis aló do proxecto de cooperación.

- d) Incidencia na creación de emprego ou no mantemento do tecido produtivo: 12 puntos

Consta o compromiso de crear 3,25 UTAS. Segundo o baremo se outorgan 4 puntos por cada UTA creada.



- e) Incidencia na conservación e valorización do ambiente e/ou do patrimonio natural e cultural: 5 puntos

O proxecto vai incidir na valorización do ambiente por tratarse dun proxecto de emprego agrario a través dunha plataforma que conecta oferta e demanda.

- f) Implicación de entidades privadas distintas dos GDR que contribúan ao financiamento do proxecto e á consecución dos obxectivos: 0 puntos

O proxecto menciona entidades potencialmente colaboradoras na execución das actuacións, pero non presenta compromisos concretos de financiación.

12

GDR COORDINADOR: 15 PONTEVEDRA - MORRAZO

“IXP DOS VIÑOS” 30 puntos

Proxecto para impulsar a vitivinicultura nas Indicacións Xeográficas Protexidas de viño de Galicia, abordando cunha metodoloxía participativa a dinamización interna e externa das IXP, con intercambio de experiencias, mellorando o coñecemento e posicionamento Web, desenvolvendo o enoturismo e aflorando sinerxías.

- a) Valor engadido: 10 puntos

A candidatura di que o carácter innovador radica en que "é a primeira vez que as IXP traballan xuntas". Non hai referencias ao traballo previo desenvolvido, ou non, pola Consellería de Medio Rural, Ingacal e a Axencia de Turismo.

- b) Resultados concretos a curto, medio e longo prazo: 5 puntos

O proxecto aporta resultados positivos e concretos, constatables e atribuíbles directamente ao proxecto de cooperación: plan de comunicación, páxina web de promoción, guía orientativa para preparar as adegas cara ao enoturismo.

- c) Creación de estruturas permanentes de cooperación: 0 puntos

O proxecto fala dunha estrutura con vocación de permanencia, na que participarán as IXP. Non hai accións concretas no Plan de traballo mais alá dunha web promocional de menús gastronómicos elaborados coas IXPs (acción común 5.3.).

- d) Creación de emprego ou no mantemento do tecido produtivo: 0 puntos

Non consta a creación de UTAs co proxecto



- e) Conservación e valorización do ambiente e/ou do patrimonio natural e cultural:
5 puntos

Incide de maneira indirecta mediante estudos, publicacións e informes: Guía para a adaptación das adegas ao enoturismo; Páxina web; Elaboración dun receptorio baseado na gastronomía local e publicación na web.

- f) Implicación de entidades privadas distintas dos GDR que contribúan ao financiamento do proxecto: 10 puntos

As IXPs se comprometen a aportar o 10% da financiación

13

GDR COORDINADOR: 16 PONTEVEDRA-NORTE

“REVALORIZACIÓN DOS RECURSOS ARQUEOLÓXICOS”

O GDR coordinador desiste do proxecto.

GDR COORDINADOR: 19 TERRAS DE COMPOSTELA

“MICOLOXÍA E TURISMO”

O GDR coordinador a nivel de Galicia desiste deste proxecto.



ANEXO II: PROXECTOS PARA OS QUE SE PROPÓN A SUBVENCIÓN, CON INDICACIÓN DO ORZAMENTO E DA AXUDA POR PROXECTO

GDR COORDINADOR	PROXECTO	PUNTOS
* (1) Mariñas Betanzos	Alimentos da Biosfera	65
Galicia Suroeste Eu Rural	Eurochef	65
Deloa	Xestión da sustentabilidade nos espectáculos ao vivo	65
* (2) A Limia-Arnoia	Son de Monte	60
Ribeira Sacra Courel	Museos vivos	60
Seitura	Incorporando ilusións	52
Pontevedra Morrazo	Dinamización e promoción IXP Viños de Galicia	30

Nota 1: a igualdade de puntuación hai que aplicar o artigo 23.2 das bases reguladoras, que sinala o seguinte:

“No caso de empate, terá prioridade o proxecto que obtivese máis puntuación no criterio a) do baremo (valor engadido que achegue o proxecto de cooperación ao desenvolvemento local dos territorios implicados) e, de persistir o empate, atenderase á puntuación obtida no criterio d) do baremo (incidencia do proxecto de cooperación, de maneira directa ou indirecta, na creación de emprego ou no mantemento do tecido produtivo do territorio implicado).

Se aínda así persiste o empate, primará o momento de presentación da solicitude.”

*Nos tres expedientes hai empate tamén na puntuación dos criterios de selección a) e d) do baremo, polo tanto, acódesse á data de presentación das solicitudes. Neste punto, os proxectos que empatan preséntase a través do rexistro electrónico da Xunta nas datas seguintes:

- O proxecto coordinado polo GDR Mariñas Betanzos preséntase o 14/11/2018 ás 18:55 H. polo que acada o primeiro posto no desempate a 65 puntos.
- O proxecto coordinado polo GDR Galicia Suroeste Eu Rural preséntase o 15/11/2018 ás 11:58 H. polo que acada o segundo posto no desempate a 65 puntos.



- O proxecto coordinado polo GDR Deloa preséntase o 15/11/2018 ás 15:25 H. polo que acada o terceiro posto no desempate a 65 puntos.

Nota 2: Nos dous expedientes hai empate tamén na puntuación dos criterios de selección a) e d) do baremo, polo tanto, acódesse á data de presentación das solicitudes. Neste punto, os proxectos que empatan preséntase a través do rexistro electrónico da Xunta nas datas seguintes:

- O proxecto coordinado polo GDR A Limia-Arnoia preséntase o 14/11/2018 ás 14:30 H. polo que acada o primeiro posto no desempate a 60 puntos.

- O proxecto coordinado polo GDR Ribeira Sacra Courel preséntase o 15/11/2018 ás 18:51 H. polo que acada o segundo posto no desempate a 60 puntos.

15

Orzamento proxectos seleccionados:

GDR coordinador	DENOMINACIÓN PROXECTO	ORZAMENTO TOTAL (€)	OBSERVACIÓNS
Mariñas Betanzos	Alimentos da Biosfera	63.860,00	
Galicia Suroeste Eu Rural	Eurochef	111.111,11	
Deloa	Xestión da sustentabilidade nos espectáculos ao vivo	63.027,20	Solicita 81.184,00 € en anexo IV. Na columna anterior aparece o importe dos GDR galegos
A Limia-Arnoia	Son de Monte	80.000,00	
Ribeira Sacra Courel	Museos vivos	34.500,00	Solicita 103.500 € en anexo IV. Na columna anterior aparece o importe dos GDR galegos.
Seitura	Incorporando ilusións	99.600,00	
Pontevedra Morrazo	Dinamización e promoción IXP Viños de Galicia	98.600,00	
TOTAL		550.698,31	



Axuda para proxectos seleccionados:

GDR COORDINADOR	Axuda	Feader	MAPA	Agader
	90%	75%	2,50%	22,50%
Mariñas Betanzos	57.474,00	43.105,50	1.436,85	12.931,65
Galicia Suroeste Eu Rural	100.000,00	75.000,00	2.500,00	22.500,00
Deloa	56.724,00	42.543,00	1.418,10	12.762,90
A Limia-Arnoia	72.000,00	54.000,00	1.800,00	16.200,00
Ribeira Sacra Courel	31.050,00	23.287,50	776,25	6.986,25
Seitura	89.640,00	67.230,00	2.241,00	20.169,00
Pontevedra Morrazo	88.740,00	66.555,00	2.218,50	19.966,50
TOTAIS	495.628,00	371.721,00	12.390,70	111.516,30

Nota A: o expediente coordinado polo GDR Galicia Suroeste Eu Rural (Eurochef) límitase, en aplicación do artigo 15.4 das bases reguladoras (segundo redacción da corrección de erros (DOG nº 215, do 12 de novembro de 2018) a un máximo de 100.000 € de axuda.



ANEXO III: PROXECTOS PARA OS QUE SE PROPÓN RESOLUCIÓN DE DESISTENCIA

DENEGACIÓNS DA AXUDA/DESISTENCIAS

GDR COORDINADOR	PROXECTO	CAUSA
Pontevedra Norte	Revalorización dos recursos arqueolóxicos	DESISTENCIA
Terras de Compostela	Micoloxía e Turismo	DESISTENCIA

GDR 16 PONTEVEDRA-NORTE “REVALORIZACIÓN DOS RECURSOS ARQUEOLÓXICOS”

O GDR coordinador desiste do proxecto.

GDR 19 TERRAS DE COMPOSTELA “MICOLOXÍA E TURISMO”

O GDR coordinador a nivel de Galicia desiste deste proxecto.

